



MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO

PROGRAMACIÓN 4º TRIMESTRE 2017

EXPOSICIÓN PERMANENTE

Percorrido por diversas salas temáticas:

Simboloxía dos oficios.

Os tecidos.

Peche.

A madeira escavada.

A luz.

A arte de curar.

A materialidade da fe.

O centeo.



VISITAS GUIADAS: para grupos previa solicitude. Para o público en xeral, os percorridos guiados realizaranse os sábados ás 11:30 h.

A rotulación dos contidos permite a realización de percorridos autónomos.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

EN FEMININO: A SILENTE PRESENZA

Quere visibilizar o eido feminino na construción da sociedade.

Lugar: Sala de exposicións temporais do Museo.

Datas: ata o 31 de decembro.

Soporte didáctico: pezas e fotografías de diversas coleccións privadas.

Ata o 31 de decembro. Entrada gratuíta.

DE VARAS A METROS

Mostra de aparellos de medición que reflicten a variabilidade das medidas antes da implantación do Sistema Métrico Decimal.

Lugar: Sala didáctica do Museo.

Datas: ata o 31 de decembro.

Soporte didáctico: pezas do Museo Liste Vigo, Museo Liste Oseira, Mercado da Tía Ni (Sabarís) e particulares.

Visítase xunto coa exposición permanente polo que o prezo de entrada ao Museo inclúe a visita a esta mostra.



O NADAL NA TRADICIÓN

Exhibición de nacementos portugueses.

Lugar: Sala da Madeira Escavada.

Datas: do 12 de decembro de 2017 ao 5 de xaneiro de 2018.

Soporte didáctico: nacementos pertencentes a diversas coleccións privadas.

Visítase xunto coa exposición permanente polo que o prezo de entrada ao Museo inclúe a visita a esta mostra.

ACTIVIDADES CÍCLICAS

SAMAÍN: ENTRE DOUS MUNDOS

Afondaremos nesta festa que marca a transición do verán ao inverno na tradición celta.

Contará con:

- Parte teórica: orixe e características do Samaín xunto coa maquillaxe dos participantes.
- Parte práctica: obradoiro de confección de doceiro.
- Xogo de busca na que enxeño e habilidades permitirán acadar o obxectivo de xunguir personaxes do mundo real e do imaxinario.

Lugar: salas do Museo.

Datas: 24, 25, 26, 27 e 31 de outubro.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de Educación Infantil e Primaria previa solicitude (50 nenos/as máximo).

Prezo: 1 euro por participante.



O NADAL: OS SANTOS INOCENTES

Este ano analizaremos unha celebración distinta, “Os Santos Inocentes”, cal é a súa orixe e como derivou no que hoxe coñecemos.

Contará con:

- Parte teórica de introdución a esta celebración.
- Parte práctica: obradoiro de confección de monicreques.
- Ademais os participantes poderán traer as súas figuras para o noso nacemento, deberán estar feitas por eles cos materiais que desexen.

Lugar: salas do Museo.

Datas: do 19 ao 22 de decembro

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de Educación Infantil e Primaria previa solicitude (50 nenos/as máximo).

Prezo: 1 euro por participante.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

MULLERES E HISTORIA

A piques de clausurar a exposición temporal “En feminino, a silente presenza”, dámoslle un novo pulo coa lembranza e reflexión sobre aspectos da vida de mulleres galegas de recoñecida sona.

Lugar: sala de exposicións temporais.

Datas: 4º trimestre.

Duración: inserta no percorrido habitual polo Museo.

Dirixido a: todos os públicos



O HOME E A MADEIRA

A importancia e versatilidade da madeira obrigan a coñecer aspectos relevantes como tipos e uso que dela fai o ser humano. Ademais realizaremos un xogo que probará as nosas capacidades de observación.

Lugar: sala da madeira escavada.

Datas: durante todo o ano.

Duración: inserta no percorrido habitual polo Museo.

Dirixido a: grupos de nenos/as de E. Infantil e Primaria.

ENCAIXANDO ANACOS

Ampliamos este xogo de descubrimento cun novo quebracabezas cuxas pezas atoparemos ao longo da visita.

Datas: durante todo o ano.

Duración: inserta no percorrido habitual polo Museo.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de E. Infantil previa solicitude.



TALLERES DE COÑECEMENTO

INSTRUMENTOS HUMILDES

Coñecemento dos múltiples recursos susceptibles de orixinar sons musicais.

Lugar: salas do Museo ou xardín circundante.

Datas: todo o ano.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de todas as idades previa solicitude (máximo 50).

Soporte didáctico: instrumentos e monitor guía.

Monitor: Erica Iglesias Neira.

Prezo do taller: 40 euros/grupo.



COMO MEDIAMOS

Medidas de lonxitude; de capacidade; de masa; de superficie.

Préstase especial atención ás medidas tradicionais, incidindo nas moitas variacións locais.

Lugar: Museo Liste.

Datas: todo o ano.

Duración: 1 hora

Dirixido a: grupos de todas as idades previa solicitude.

Soporte didáctico: Monitoraxe, pezas e audiovisual.

Colaboración especial: Museo Liste de Oseira (Ourense); Mercado de la Tía Ni (Sabarís-Pontevedra); particulares.

Prezo: 1 euro/persoa



ACTIVIDADES ESPECIAIS

ONDE ESTÁN AS CHAVES?

Ante o éxito colleitado durante o verán coa programación ofertada a campamentos urbanos e outros grupos, iniciamos unha actividade tendente a visitar o Museo dun xeito distinto. Pensada para aqueles grupos que desexen visitalo conxugando coñecemento e diversión.

Visita interactiva salientando os aspectos mais destacables de cada sala e as pezas mais senlleiras. Elas serán o fío condutor que nos guiará ata o obxectivo final utilizando capacidades dedutivas, memoria e habilidades.

Lugar: salas do Museo.

Datas: a partir do 15 de novembro.

Duración: 90 minutos.

Dirixido a: grupos de Educación Primaria e Secundaria previa solicitude.

Prezo: 1 euro/persoa.



XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN

Durante os meses de novembro e decembro, levaranse a cabo dúas xornadas nas que se tratarán temas referidos ao eido feminino como complemento á exposición temporal “En feminino: a silente presenza”.

As súas datas, horarios e poñentes serán convenientemente difundidos a través da prensa e da nosa páxina web.





INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1€ menores de 12 anos, 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuíto: menores de 6 anos; Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

repcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org